



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE: PCO.001.2024.00021

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA “AS PEDRAS VERDES”, DE RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO, GAÑADOR DO XVII PREMIO “RAIÑA LUPA” DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL, ANO 2023 PCO.001.2024.00021

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 15 de marzo de 2024 e de Prescricións Técnicas, asinado polo Servizo de Acción social, Cultural e Deportes en data 5 de marzo de 2024, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra “As pedras verdes” de Rafael Fernández Lorenzo, gañador do XVII premio “Raiña Lupa” de literatura infantil e xuvenil, ano 2023, PCO.001.2024.00021, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 25 de abril de 2025, polo que o prazo de execución do contrato comprenderá o período necesario para a publicación, distribución e explotación da totalidade dos exemplares que sexan editados ata o 25 de abril de 2025, desde a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñen.

1.3. Orzamento: Ao tratarse dunha cesión gratuíta de dereitos, o presente contrato non ten repercusión económica para a Deputación.

2. Dispor que o referido contrato adxudíquese mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.